

ACTO III

Do que escribín para os maiores

As miñas obras, escritas para os maiores, son:

Laudamuco, señor de ningures; Ledañas pola morte do Meco; Bailadela da morte ditosa; Memoria de mortos e ausentes; Agasallo de sombras; Días sen gloria; As actas escuras; Saxo Tenor; Doentes; Rastros; A burla do galo e Cochos.

En *Os papalagui* arremeto contra o caciquismo con moito humor.

Na obra *Sen ir máis lonxe* falo expresamente dos problemas de pulmón dun fumador compulsivo.

Anxeliños! é a primeira parte dunha triloxía. *Animaliños* é a segunda.

Conto a historia dunha urbanización na que se produce unha praga de caracois e na que os veciños se unen para eliminala. Deixo ver a relación contraditoria entre a sociedade e o contorno.

A parte final da triloxía tituleina *Criaturas*.

Integral foi a miña derradeira obra. É unha comedia irónica na que miro o mundo "reviradamente".



ACTO IV

Polo que se me recordará

Ademais do teatro, tamén traballei no cinema e na televisión. Actuei en películas como *A lingua das bolboretas*, *Sempre Xonxa*, *A noiva de medianoite* e *A Fonte da idade* e en series como *Mareas Vivas*, *Os pazos de Ulloa*, *Brigada Central*, *A lúa reflexada no espello* ou *O camiño das estrelas*.

Fixen anuncios publicitarios, realicei vídeos promocionais de diferentes obras de teatro, participei en curtametraxes e elaborei guiños para series. Nalgúns adaptei textos de Cunqueiro e de Fole.

Grazas ao teatro, acadiei diferentes premios e recoñecementos. Algúns son o **Premio Abrente**, **O Facho**, o **Premio Álvaro Cunqueiro**, o **Premio Rafael Dieste**, o **Premio María Casares** ou o **Max de Teatro**.

Por certo, desde este ano, o 2013, haberá un premio co meu nome, é o **Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador**. O seu obxectivo é estimular a participación do público seguidor da programación do Centro Dramático Galego; en cada obra, haberá unhas tarxetas nas que se poden deixar comentarios, que se recollerán nunha urna á saída de cada espectáculo.



**ROBERTO VIDAL
BOLAÑO**

*Autor, actor e público
do aquí.*

ACTO I

De cando eu nacín e o que vivín

Nacín o 31 de xullo de 1950 en Santiago de Compostela. Aquí foi onde estudei.

Desde sempre, a miña paixón foi o teatro, ao que me dediquei totalmente, aínda que antes traballei nun comercio e nun

banco. Fun director, actor, produtor, iluminador, escenógrafo, figurante, público, autor en lingua galega e promotor do teatro galego independente.

Entre os anos 1973 e 1980, participei nas **Mostras de Teatro Abrente** de Ribadavia como dramaturgo e escenógrafo, pero non utilicei o meu nome, senón o pseudónimo Julia Brens. Formei parte do grupo **Abrente** e fundei a compañía do **Estaribel**. Co **Centro Dramático Galego** dirixín a obra, *Rosalía*, de Otero Pedrayo. No ano 1991, creei a compañía Teatro do Aquí.

Nas miñas obras intereseime pola figura do perdedor. O meu foi un **teatro realista**. Nel, denunciei a situación marxinal da sociedade galega. Tamén fixen **teatro histórico**, a través do que procurei unha revisión crítica da nosa historia. Algunhas das miñas obras presentan unha estrutura cinematográfica.



ACTO II

Do que escribín para os nenos e nenas

Escribín para o público máis novo pezas teatrais, algúns din que as aproveitaba para chiscarlles o ollo aos nenos e nenas grandes...

Estas son esas obras das que vos falaba:

- **Romance dos figos de ouro:** un cego que toca o violín cóntanos, nun teatro de monicreques, historias con ensinanzas morais sobre o abuso do poder e a ignorancia.
- **Xáxara, Peituda, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón (ou como trocar en rato pequeno o maior xigantón):** a meiga Xáxara mergúllanos no tema do caciquismo e da perda de identidade como pobo. A historia acontece nun tempo que non pasou aínda.
- **Touporroutou da Lúa e do Sol:** a deusa Lúa e o deus Sol están aborrecidos, así que deciden pelexar e a cousa remata con choros e enfados. A peza resalta a importancia de contar as historias do pasado, pois é a herdanza a que nos define como pobo.



- **Ruada das papas e do unto.**
- **Entroido na rúa I e II.**

ACTO FINAL

A miña despedida



O meu derradeiro percorrido polo escenario da vida foi un 11 de setembro do ano 2002.

Deixo un legado, o meu teatro, «un teatro galego capaz de traducir en termos de universalidade o particular e de lles restituír aos cidadáns o dereito a un lugar de encontro no que se reflectir, co que sentirse identificado, e ao que ter como propio».

O meu compañeiro e amigo Manuel Lourenzo dedicoume as seguintes verbas:

«Pagou a pena ter collido o carro do teatro, porque nel tamén ías ti, Roberto. Pagou a pena ter montado no carro da vida, porque nel tamén viaxabas ti (...). A túa paixón foi a túa vida (...). Décheste aos demais, á túa tribo humana e galega, con ardor, sen avaricia (...). Conquistaches unha gloria que ninguén che vai negar (...). Non chores. Recollede a tea. Espallade o lume».